

Elas están aí

LiX Fran Alonso establece un fío directo co lectorado mozo

Cartas de amor · Fran
Alonso ·
Xerais, 2006 ·
128 páx · 9,80 euros



Teño que confesar que dende que lin *Poetízate* (2006), a arriscada e irreverente (por iso anovadora) antoloxía de poesía que Fran Alonso preparou para os máis novos, sinto unha forte curiosidade por todo o que sae das mans deste escritor, tamén eficiente editor. Cando chegaron a min estas *Cartas de amor* abrinas coma un chocolate que se quere ir saboreando aos poucos para que o remate tarde máis en chegar. Outra volta, sorprendeume gratamente a comunicación directa, tan efectiva, que Alonso consegue establecer co lectorado mozo xa a través do limiar, “Dúas palabras do autor”. Un limiar en que aclara que o amor, ou o desamor, son unicamente as escusas que fan abrollar a ferverza de sensacións das protagonistas; mais no que tamén explica que as nove cartas que compoñen a obra foron escritas en diferentes anos, respondendo en determinados casos ao requirimento de organizacións non gobernamentais. Quizais sexan esta distancia temporal e o feito de que algunhas composicións respondan a encargos concretos o que propicie que poidamos apreciar a desigual calidade e profundidade duns e doutros relatos.

Á visión desmitificadora do sentimento amoroso e á recuperación da carta (aínda que no volume tamén se intercalan relatos ao xeito de correos electrónicos) como efectivo medio de comunicación súmase a prosa sinxela, sen artificios, á que xa nos ten afeitos Alonso. Neste caso, a súa palabra espida consegue, sen ningún tipo de melindre, que

os máis diversos sentimentos, que tiñamos gardados nalgún escuro recuncho, vaian saíndo paseniñamente e nos fagan pensar que quizais elas (as emisoras) puidemos selo nós. Xustamente nisto reside outro dos grandes acertos destas cartas, pois o autor conta coa capacidade para se colocar no lugar de nove mulleres de moi diferente procedencia, idade e profesión e conseguir que as súas historias resulten verosímiles, amosándonos así a arañeira que é o mundo. De novo, como xa fixera en *Cidades*, Fran Alonso aposta por ensinarnos as unións (que non a uniformización) dunha sociedade cada vez máis global na que, porén, afastamos a ollada do sufrimento de quen esta a carón. Case sen nos decatar, unha cooperante recluída en Bagdad, unha muller senegalesa, unha rapaza que descobre a súa homosexualidade, unha prostituta tailandesa, unha inmigrante uruguaia, unha moza sahariana, unha caboverdiana abandonada pola súa parella, unha rapaza bosníaca e unha muller galega dos anos corenta, fálannos para lembrarnos que elas e as súas historias estiveron ou están aí, onde aínda as podemos ver. A pesar de que resulte difícil fitalas e sermos conscientes que a guerra, a opresión, a explotación, a inmigración e, sobre todo, o esquecemento, quixeron invisibilizalas, ao que axudou sen dúbida o seu sexo e a súa posición á marxe da oficialidade.

Persoalmente, non podo resistirme a lles recomendar dúas destas misivas, as máis intensas: “O que nunca me preguntaches” e “A carta inesperada”. Tanto unha coma a outra fan realidade aquel verso de Miguel Hernández: óese un silencio de cartas.

// Montse Pena Presas